

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o **martes día 30 de xaneiro de 2024**, ás 19:00 horas, na biblioteca, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Resultados académicos da primeira avaliación.
3. Informe de convivencia.
4. Informe económico do ano 2023 e orzamento para o exercicio do ano 2024.
5. Obras realizadas.
6. Actualización de actividades extraescolares e complementarias.
7. Revisión do texto do protocolo do uso dos teléfonos móbiles no centro.
8. Revisión dos compoñentes da comisión económica e da comisión de convivencia.
9. Revisión do horario do recreo.
10. Rogos e preguntas.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folia que se achega.

1. Sométese á aprobación do consello o contido das actas das dúas últimas reunións. Apróbanse por maioría sen votos en contra nin abstencións.
2. A xefa de estudos, Conchi Pérez toma a palabra para analizar os resultados académicos da primeira avaliación. Mostra uns gráficos co número de suspensos por grupo e curso que se achegan. Indica que os resultados son similares aos de outros cursos. Os mellores resultados acadáronse en primeiro da ESO. A cantidade de alumnos que suspenden cinco o máis materias parece alarmante sobre todo en primeiro e segundo da ESO onde coinciden cos alumnos repetidores.

Sabemos que normalmente coinciden porque trátase dun alumnado moi desmotivado polos estudos.

Conchi comenta que existen máis alumnos con catro ou máis materias pendentes, sobre todo en terceiro e cuarto da ESO, pero non se aprecia gran diferenza entre grupos o que é indicativo de que os alumnos están ben repartidos cousa que sempre procuramos.

Nai pregunta polo número de alumnos de terceiro C, menor que nos outros grupos. Conchi explica que ese curso inclúe os alumnos de PDC que desdobran en algunhas materias pero non en todas.

3. Continua falando a xefa de estudos sobre a convivencia nestes primeiros meses de curso. Os cursos de segundo da ESO A e B acumulan máis faltas de orde. Aínda que parecen moitas recaen case sempre nos mesmos tres alumnos e a maioría son por interrupcións na aula e malas contestacións. O curso de cuarto da ESO A tamén presenta bastantes faltas de orde.

En xeral, a convivencia neste curso está sendo boa.

4. Toma a palabra a secretaria, Bea González, para expoñer o claustro a contabilidade do ano 2023. Os ingresos foron un pouco máis altos dos estimados por unha devolución dun cobro indebido da empresa da luz pertencente o ano 2022, e tamén polo alto gasto en libros de texto o ter que renovar tódolos libros de segundo e cuarto da ESO no fondo solidario de libros da Xunta. Os gastos foron segundo o previsto no presuposto para este curso que a anterior secretaria estimou moi acertadamente.

A secretaria comenta ao claustro que o equipo directivo precisa do seu parecer sobre as dietas recibidas polo profesorado que marcha de viaxe cos alumnos. Explica que a Xunta publicou recentemente unhas dietas novas pero que éstas son para manutención ou para pagar a noite no hotel. Non existen dietas oficiais por acompañamento do alumnado pero poden articularse dentro do centro se o consello escolar as aproba.

O claustro solicita ao consello a aprobación de dita dieta propoñendo 44 euros por día se a viaxe é dentro de España e 50 euros se a viaxe é no estranxeiro. O consello aproba por maioría absoluta dita dieta.

A secretaria comenta que o orzamento para este ano 2024 está en elaboración e será similar ao do ano 2023. Aínda non se pode aprobar pois non sabemos ata máis adiante canto diñeiro vai achegar a Consellería.

5. O director toma a palabra para informar sobre as obras levadas a cabo en decembro polo cambio das luminarias. Xa todo o centro ten luces LED e pensamos que notarase na factura da luz. O cambio de teitos non foi posible na súa totalidade pero a base de insistir foi posible cambiar os das aulas. Son teitos acústicos e estamos contentos. Seguiremos insistindo con respecto e educación a consellería para que cambien os teitos que quedan vellos.

O director comenta que durante estas obras caeron azulexos da cociña da cafetería e durante o Nadal puxéronse uns azulexos novos, mellorouse a canalización dos cables, quitouse unha porta cega e pintouse de branco. A cafetería quedou bastante saneada.

As obras grandes planificáronse en Polos Creativos elaborando un orde e prazos para facer actuacións a medio e longo prazo. Pensar que obras podemos levar a cabo nos e cales solicitar á consellería.

Víctor comenta un documento que elaborou para remitir ao consello solicitando melloras na accesibilidade ó centro. As entradas e saídas do alumnado é unha gran responsabilidade para nós e miramos o perigo tódolos días.

Xosé Pérez di que a zona peonil debería estar elevada, tipo beirarrúa, porque senón os coches aparcarán enriba. Víctor comenta que o concello será o que decida como levar a cabo a obra.

O consello vota a favor de presentar dito escrito.

6. Toma a palabra a vicedirectora, Ana Area, para informar ao consello sobre as viaxes. Explica que seguen adiante as viaxes propostas a París, Barcelona e Asturias.

A París irán sobre 35 rapaces de 1º de BACH acompañados por Arturo, Pilar e ela.

A Barcelona irán os rapaces de 4º da ESO acompañados de Andrea, Sara e Emma. A viaxe coincide ca ponte das Letras Galegas e agradece as profesoras acompañantes o esforzo extra.

A Asturias irán 90 rapaces de 2º e 3º da ESO acompañados de Pilar, Andrea, Isabel, Emma e Arturo.

Os rapaces de 1º da ESO irán de excursión a Coruña a principios de marzo.

7. Víctor explica ao consello que na redacción do protocolo do uso dos móbiles no centro deberíase cambiar a palabra “requisar” por “entregar en custodia”. Queda aprobado por maioría dita cambio.

8. A Comisión de Convivencia segue como foi constituída no consello escolar do 12 de decembro do ano pasado: Joel Covelo, Ignacio Iriondo Tapioles, Purificación Casal e Concepción Pérez.

A Comisión Económica queda integrada por Luís González, Laura Sánchez, Amanda Cuadrado e Beatriz González.

9. A xefa de estudos toma a palabra e explica a posibilidade de volver a ter dous recreos de vinte minutos cada un en lugar de un recreo de media hora. Entraríase a mesma hora e a saída sería as dúas e vinte.

Fálase das vantaxes e inconvenientes das dúas opcións.

Amanda pensa que ter dous recreos fai a mañá máis livián. Joel pensa o mesmo, a mañá pasa máis rápido. Zoe nunca tivo dous recreos pero lle parece boa idea.

Puri comenta que non lle gusta a idea de saír máis tarde pero como estudante parécelle boa idea os dous recreos porque tres horas de clase seguidas é moito tempo.

Fálase tamén de que o claustro solicitou que se revise a posibilidade de deixar de ter clase os luns pola tarde. Fálase de que outros institutos conseguiron o permiso da inspección educativa.

Comentamos diferentes posibilidades de distribución de horas.

Decídese suspender a votación deste punto do día e estudar primeiro as diferentes opcións posibles. O consello estaría de acordo en non ter clase o luns pola tarde.

10. En rogos e preguntas acontecen varias intervencións:

Ana Area fai unha reflexión sobre o uso dos autobuses escolares. Existe xente que o ten concedido e non o usa e outros o precisan e non o teñen concedido o cal é moi frustrante para ela. Pide a colaboración do alumnado para descubrir a xente que non o utiliza.

Amanda di que ten problemas ultimamente para coller o autobús debido a unhas obras. As veces espera ata trinta minutos na estrada.

Puri fala da primeira parada de Candeán que está situada nun cruce en lugar de estar na marquesina do Vitrasa que está un pouco máis alá.

Tras esta intervención, dáse por rematada a sesión ás 20:30.

En Vigo, a 30 de xaneiro de 2024

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz